

'GUERRA' 'Sé lo que hicisteis...' continúa criticando a cadea de Paolo Vasile, quen di ser vítima do telelixo

LA SEXTA RISE DA DEMANDA DE T5: "VOU ACABAR EN PRISIÓN"

"PODEN QUITARNOS OS SEUS VÍDEOS E O PROGRAMA PERO NON NOS QUITARÁN A MALA HOSTIA"

Axencias · Santiago

A nova demanda de Telecinco contra laSexta non impediu que esta seguise criticando os seus contidos. Así durante a emisión de onte de *Sé lo que hicisteis...* Angel Martín e Dani Mateo entraron de cheo no tema. Telecinco presentou unha demanda contra esta cadea na que pide que cesen as críticas e unha indemnización de 100.000 euros. A demanda pretende frear "a campaña de desprestixio" da que, segundo o escrito, é vítima nas parodias sobre o 'telelixo' que se fan habitualmente

no programa *Sé lo que hicisteis...* Os presentadores de dito programa definiron a súa satírica sección como "o espazo que acabará coa carreira de todos os que traballamos nel". "Acabarei no cárcere pola túa culpa, Ángel, por tocarlle as pelotas a unha das canles máis importantes deste país. De aquí a un pouco, o único programa no que imos poder estar é en *El coro de la cárcel*, chancou Mateo. "Son eles os que nos provocan, ó converter en estrelas a xente do nivel dos seus tertulianos", defendía Martín. "Como sempre, Telecinco demostra que é como un tío que mexa contra o vento, pero que só consegue mollarse a si mesmo". "Poderán quitarnos os seus vídeos, prohibirnos o programa, pero xamais nos quitarán a mala hostia!".

O programa tamén mantivo a súa sección o *Porrazo a Telecinco*,

que onte estaba protagonizada por un vídeo caseiro no que un mozo leva un tremendo golpe nos xenitais ó saltar sobre uns postes.

O espírito da acción legal da cadea liderada por Vasile é que estes vídeos constitúen condutas prohibidas pola Lei de competencia desleal, xa que din que as parodias sobre o 'telelixo' pretenden desacreditar a súa boa imaxe e a toda a cadea". ●

'O día da merda' colma a paciencia

O vídeo 'O día da merda' colmou a paciencia de Paolo Vasile. Nel, un dobre de Vasile atende de costas unha nova proposta para a súa cadea, na que "T5 emitirá todos os días os seus fracasos".

A televisión é o único medio que consomen igual a clase media e alta

A televisión é o único medio que consomen por igual os que non chegan a 1.000 euros mensuais de soldo e os mellor pagos. Así, a TV rompe coa idea de que, canto menores son os ingresos, menor é o consumo de medios.

Segundo datos do *Baròmetre da Comunicació i a Cultura*, da Fundacc, mentres o 92% dos cataláns mileuristas ven a televisión, tamén o 90% dos que cobran máis de 5.000 euros a consomen habitualmente. No resto de medios, con todo, as diferenzas son nota-

bles: o 29% das persoas que non alcanza os 1.000 euros le periódicos a diario, fronte ó 41% entre os que superan esa cifra. Tampouco o nivel de estudos marca unha diferenza no consumo de TV: o 93% dos cataláns sen estudos ven a tele, cifra similar (87%) entre os que teñen estudos superiores. O mesmo esquema reproducése se se ten en conta o parámetro clase social, de tal forma que a maior status social maior consumo de medios, e unha vez máis a TV é o que menos diferenzas rexistra. ● EP

Accións legais contra 'Avui' por publicar a foto dunha sms dun político

O presidente do PP no Parlamento de Catalunya, Daniel Sirera, afirma que emprenderá accións penais e civís contra o xornal *Avui* por publicar unha fotografía onde se vía unha sms, escrito por el mesmo, no que Sirera afirmaba que o PP "é unha merda". Segundo recalco, se pensase "realmente" o que escribín xa me tería ido do partido" e "deixaría de ser militante". O presidente do PP no Parlamento catalán cualificou de "intolerable" a publicación da fotografía no

diario xa que, ó seu xuízo, é unha "agresión brutal" ao dereito fundamental de manter comunicacións privadas. "A maior parte das forzas políticas mostraron a súa solidariedade e coincidiron comigo en que é intolerable que nun estado de dereito se poida vulnerar deste xeito tan brutal", subliñou, para explicar que aínda que o seu escano se atopa preto do lugar onde se sitúan os fotógrafos, para captar a imaxe "tiveron que usar un teleobxectivo". ● LV

O fiscal pide 3.000 euros a dúas canles por usar a imaxe de menores

Un Xulgado de Sevilla admitiu a trámite unha demanda da Fiscalía, que reclamou 3.000 euros de indemnización para cada un dos nove menores de idade, amigos da moza asasinada Marta del Castillo, cuxo perfil na rede social Tuenti foi utilizado en dous programas de televisión.

A Fiscalía decidiu actuar en defensa da honra, intimidade e propia imaxe dos menores, cuxas fotos en Tuenti foron utilizadas como fondo de pantalla o 16 de fe-

breiro de 2009 –nada máis ser detido o asasino confeso de Marta, Miguel C.D.– en dous faladoiros de Canal Sur e Telemadrid. Segundo a Fiscalía, "o mero feito de relacionarse cos presuntos autores do crime pode ter en determinado marco unha connotación negativa, o mesmo que o feito de que as súas fotografías sirvan de marco para comentarios das persoas invitadas ós faladoiros". Os interlocutores emitían comentarios da morte de Marta del Castillo. ● EFE

Seis anos despois comeza o xuízo oral sobre o xornal 'Egunkaria'

A Audiencia Nacional comunicou onte ós oito membros do consello de administración de Egunkaria procesados na causa sobre o armazón económico do diario, clausurado en febreiro de 2003, a conclusión da investigación, así como o inicio dos trámites para a apertura de xuízo oral.

Este procedemento sobre o armazón económico de Egunkaria desglosouse do sumario principal no que se investigou a vinculación do diario a ETA e en cuxo

marco están pendentes de ser xulgados tamén sete dos seus directivos polo delito de pertenza a banda armada. Na investigación das irregularidades económicas pechouse o xornal foron procesados os membros do consello de administración de Egunkaria Juan Mari Torrealdai, Txema Auzmendi, Iñaki Uribe, Jose Mari Sors, Mikel Sorozabal, Begoña Zubelzu, Fernando Furundarena e Ainhoa Albisu, que onte compareceron ante a Audiencia Nacional. ● EFE



O AUDIOVISUAL GALEGO ASISTE AO MIPCOM

Unha representación do CLAG está desde antonte en Cannes cunha delegación de 16 empresas, que baixo a marca Galicia Audiovisual, asisten ao MIPCOM que se celebra do 5 ao 9 deste mes. Unha caseta de 39 metros cadrados serve de plataforma para a industria audiovisual de Galicia. Alí están Abano Producións, Continental, R, Adiviña Producións, Isabella Audiovisual, Interacción, Setemedia, Milou Films, Filmanova, Filmax, Enxebre Entertainment, Can Verde Films, Voz Audiovisual, Xamalú Filmes, Ficción Producións e Dygra Films. ● CLAG

Unha representación do CLAG está desde antonte en Cannes cunha delegación de 16 empresas, que baixo a marca Galicia Audiovisual, asisten ao MIPCOM que se celebra do 5 ao 9 deste mes. Unha caseta de 39 metros cadrados serve de plataforma para a industria audiovisual de Galicia. Alí están Abano Producións, Continental, R, Adiviña Producións, Isabella Audiovisual, Interacción, Setemedia, Milou Films, Filmanova, Filmax, Enxebre Entertainment, Can Verde Films, Voz Audiovisual, Xamalú Filmes, Ficción Producións e Dygra Films. ● CLAG